

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Paradela, a vinte e dous de setembro de 2016

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E OITO DE XULLO DE 2016 E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E NOVE DE AGOSTO DE 2016.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xullo de 2016 a da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de agosto de 2016 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xullo de 2016 a da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de agosto de 2016. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros presentes na sesión, sendo este o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA PARA A SÚA ADAPTACIÓN AO ESTABLECIDO NA LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO,



DE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI 15/2014, DE 16 DE SETEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO E OUTRAS MEDIDAS DE REFORMA ADMINISTRATIVA E PARA MODIFICAR E ACTUALIZAR O ARTICULADO CONFORME Á LEI 5/1997, DE 27 DE XULLO, DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA E DEMÁIS LEXISLACIÓN VIXENTE APLICABLE A ESTA MATERIA.

Conta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía.

“En data 30 de agosto de 2016, ten entrada no Rexistro do Concello (Rex. núm 820), comunicación do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, instando aos Concellos que forman parte do mesmo, a aprobar en Pleno, a modificación dos estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira sacra para a súa adaptación ao establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, para a súa adaptación á Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa e para modificar e actualizar o articulado conforme á Lei 5/1997, de 27 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente aplicable a esta materia.

Constan na documentación remitida os informes favorables da Dirección Xeral de Administración Local, da Deputación Provincial de Lugo e da Deputación Provincial de Ourense.

Ao abeiro do anterior o O Alcalde-Presidente propón ao Pleno da corporación:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para a súa adaptación ao establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, para a súa adaptación á Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa e para modificar e actualizar o articulado conforme á Lei 5/1997, de 27 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente aplicable a esta materia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Paradela, a 16 de setembro de 2016. O Alcalde Asdo.: José Manuel Mato Díaz Documento asinado dixitalmente ao marxe”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación da proposta, resultando aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros presentes na sesión, sendo este o seu número legal de membros.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre, sen que se produza rogo ou pregunta algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do vinte e dous de setembro de dous mil dezaseis, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor

Documento asinado dixitalmente ao marxe